



▯ *redacción > ferrol*

As festas do barrio de Ferrol Vello comezan mañá e estarán cheas de actividades para pequenos e maiores ata o domingo, data da función relixiosa e da única procesión marítima que ten lugar na cidade. O audiovisual ocupará boa parte das propostas nestes días iniciais. Así, mañá proxectarase no Baluarte de San Xoán o filme “Naturalidade Silvestre”, do realizador Carlos Alberto Alonso. Trátase dun documental musical que afonda na realidade dos intérpretes que amosan o seu traballo en pubs e locais e que se centra, especialmente, na traxectoria de Roger de Flor. O pase da película está previsto para as nove da tarde e contará coa presenza dalgún membro do equipo.

O cine volverá ser o protagonista do xoves, xa que, de novo no Baluarte, ás nove, veranse varios traballos dirixidos polo ferrolán Rubén Coca. Este director e produtor comezou a súa carreira en 1999 con “La vida mata” e, desde entón, chegaron proxectos como “El fruto del tedio”, “Aquí no hay playa”, a multipremiada “Notamotof”, “Ecos”, “Mínimos Común Múltiplo” ou “La princesa Alegría”.

Tal e como explica o presidente da Asociación de Veciños de Ferrol Vello, Alberto Saavedra, “non se trata dunhas festas patronais ó uso” mais non faltarán os concertos e incluso as degustacións gastronómicas.

De feito, o venres celebrarase unha nova edición do festival de rock do barrio, o Parrockcheira. Está por confirmar a totalidade do cartel, pero contarase con grupos locais, da Coruña e tamén de Cedeira. Será na Praza Vella, a partir das dez da noite. A organización está a ultimar tamén a presenza dunha banda pola mañá que anime as rúas do barrio.

O programa do sábado inclúe unha mexillonada na Praza Vella, desde as sete da tarde. Neste encontro gastronómico haberá tamén espazo para a música durante a tarde e, xa á noite, actuará o grupo pop-rock leonés Los Platicillos Volantes, xunto con outra banda da que se dará conta en próximas días.

O domingo haberá misa na igrexa do Socorro ás seis da tarde e, aproximadamente media hora

despois sairá a Virxe en procesión para embarcar en Curuxeiras e formar parte da única procesión marítima da cidade. A marcha estará acompañada pola música do grupo de gaitas Artabria, mentres que na igrexa actuará o coro Toxos e Froles.

A asociación de veciños quere tamén achegar propostas para os nenos e, por iso, o mércores e xoves, están a preparar, no Paseo das Ranitas, espectáculos da nimación e tamén contacontos.